



Mulleres Cristiás Galegas Exeria é recoñecida co premio Mulleres de Compostela 2023¹

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria

O pasado 6 de marzo, as «Mulleres Cristiás Galegas Exeria» recollemos nunha ateigada Sala Mozart do Auditorio de Galicia o premio Mulleres de Compostela 2023.

Con este acto, organizado pola Concellería de Igualdade, o Concello de Santiago recoñecía publicamente a traxectoria profesional e vital de nove mulleres e colectivos da cidade polo seu labor a prol da igualdade. Todas elas mulleres que día a día contribúen a construír unha cidade máis igualitaria, máis social e máis humana.

A concelleira Mercedes Rosón salientou das premiadas «ter feito do seu traballo, da súa vida, un exercicio diario de loita pola igualdade», recordando que «é tan importante recoñecer a estas mulleres reais, plurais, diferentes de pensamento e de acción, pero que teñen algo en común: porque todas nos recoñecemos nelas, todas compartimos os seus aportes á igualdade e á vida de tantas mulleres que veñen detrás».

Canda nós foi recoñecido o labor das seguintes:

- Mestras da escola infantil Raiola, que en 2023 cumpre 50 anos de vida.
- Ana López-Suevo Fraguela, maxistrada do Poder Xudicial desde 1997 e titular do Xulgado de Instrución n.º 1 de Santiago de Compostela, implicada na loita contra a violencia sexual.
- Piedad Jiménez Jiménez, muller da etnia xitana que loitou durante toda a súa vida pola conciliación da cultura xitana co progreso social das mulleres.

- Ofelia Rey Castelao, catedrática de Historia Moderna pola USC.
- María Xesús Reboredo, pintora e ex-presidenta da Asociación do Traxe Galego.
- Rosa Álvarez, decana do Colexio de Psicoloxía de Galicia e implicada no tecido comunitario de Vite durante máis de 30 anos.
- Patricia Porto Paderne, responsable da libraría de mulleres Lila de Lilith.
- Tareixa Novo, cantante de Fuxan os Ventos.

Da Asociación Mulleres Cristiás Galegas Exeria destacou que é un colectivo que reúne a mulleres de toda Galicia, que apostan pola defensa da igualdade dentro da Igrexa dende a perspectiva das Teoloxías Feministas, destacando o noso compromiso coa cultura e a lingua galega. Marisa Vidal Collazo, presidenta da Asociación, foi a encargada de agradecer o galardón que recolleemos todas as compañeiras presentes no acto. Na recollida, portabamos carteis nos que se podían ver as caras e nomes doutras mulleres que para nós son referentes de loita polo feminismo na Igrexa. No seu discurso de agradecemento Marisa destacou:

Somos unha asociación que naceu na sororidade, no apoio mutuo entre mulleres interesadas en tecer outra Igrexa e outra Galicia posibles. Camiñamos man con man con outros colectivos de mulleres feministas, dentro e fóra da Igrexa, desde os lugares do non poder, facendo propostas, denunciando inxustizas que percibimos e dando pasos cara a igualdade. Este premio recollémolo no noso nome, as que hoxe formamos parte da Asociación, e tamén no nome de todas as que, dun xeito ou outro, nestes 27 anos, formaron parte do noso proxecto e que hoxe non poden estar fisicamente aquí con nós, ben porque están xa do outro lado da Vida, ou ben porque o seu proceso vital as foi levando a outros lugares.

Somos moitas e somos diversas, e esa diversidade dános capacidade para estar e dicir nos distintos espazos que, como mulleres, ocupamos.

Somos fillas, que recolleemos as herdanzas recibidas das nosas nais, as que loitaron pola igualdade ao longo de vinte séculos. Diante

delas a nosa matrona, Exeria, que por fin ten o seu lugar no espazo urbano de Compostela. Elas son referentes nosos de espiritualidade e acción.

Ser fillas supón a responsabilidade de recoller todo o que en positivo nos teñen transmitido as nosas nais, facelo noso, e levalo máis alá, ensanchando e afirmando o herdado.

Por iso as temos hoxe aquí, con nós: as queimadas na fogueira, as silenciadas, as rebaixadas e as desaparecidas... Queremos darlle o lugar de dignidade que a historia lles rouba, queremos rescatalas para todas e todos, aprender delas, levalas máis alá para construír unha Galicia e unha Igrexa xustas e igualitarias.

Para todas as mulleres cristiás galegas a velada foi unha auténtica festa. Ser recoñecidas e valoradas polo que somos énchenos de orgullo e fainos fiar na esperanza doutra sociedade e outra igrexa posible.

Asoc. Mulleres Cristiás Galegas Exeria